



Expediente núm.: 63/2022

Procedemento: Aprobación da Oferta de Emprego Público extraordinaria para un proceso de estabilización do emprego temporal

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº / 2022

En relación coa convocatoria de selección publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo Nº 256, de 9 de novembro do 2022, no que se da conta da aprobación das bases que, ao abeiro do disposto na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, rexerán a provisión das seguintes prazas:

1.- Polo sistema de concurso, unha praza de Administrativo e unha de Conductor-oficial encargado de obras e servizos.

2.- Polo sistema de concurso-oposición, unha praza de Traballador Social

Visto o anuncio publicado no BOE Nº 279, de 21 de novembro de 2022, referente á provisión de prazas precitada e que, de acordo co disposto no artigo 3 das Bases reguladoras deste proceso de estabilización do emprego temporal, establece o período de presentación de instancias de admisión ao mesmo,

Unha vez rematado este prazo de presentación de instancias o pasado 1 de decembro de 2022, e examinada a documentación aportada polos distintos candidatos,

En uso das atribucións que a lexislación vixente me confire

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar a seguinte relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos:

PRAZA	NOME	DNI	RESULTADO	Motivo Exclusión
Administrativo	Jovita Graña Fernández	***2134**	Admitido	
	Cecilia Mouriz Lorenzo	***4825**	Admitido	
	Francisco J. Figueiras Figueroa	***6095**	Admitido	
	Miguel Rodríguez Cabañas	***3652**	Admitido	
	Natalia Graña Lombardía	***5771**	Admitido	
Conductor-encargado	Armando Álvarez Rodríguez	***4806**	Admitido	
	Miguel Rodríguez Cabañas	***3652**	Excluído	Art. 2.1 Bases reguladoras
Traballador social	Sonia Castro Arias	***4774**	Admitido	
	Noelia Rodríguez González	***8553**	Admitido	
	Jorge Martínez Morato	***8433**	Admitido	
	Ana María Martínez Neira	***3513**	Admitido	

SEGUNDO. En consecuencia co anterior, e de acordo co establecido nas Bases reguladoras deste proceso de estabilización, se concede un prazo de 5 días (cinco) hábiles para formulación de



reclamacións ou emenda dos defectos detectados. Este prazo rematará o día 13 de decembro de 2022.

TERCEIRO. Nomear ao tribunal de selección coa seguinte composición:

- Presidente; D<sup>a</sup> María García Ferro, Secretaria do Concello de Castroverde (Lugo), sendo suplente de esta D<sup>a</sup> Carmen Gómez Otero, Secretaria do Concello de Negueira de Muñiz (Lugo).
- Secretaria: D<sup>a</sup>. Carolina Isabel Fernández Lago, Secretaria do Concello de Folgoso do Courel (Lugo), sendo suplente de esta D<sup>a</sup> Mónica Pérez Martínez, Administrativa do Concello de Castroverde (Lugo).
- Vogal: D. Raúl García Martínez, Técnico de Medio Ambiente do Concello de A Fonsagrada (Lugo), sendo suplente de este D<sup>a</sup>. Olga Landeira Burgué, Tesoureira do Concello de A Fonsagrada (Lugo)
- Vogal: D. Froilán Pallín Seco, Secretario do concello de A Pontenova (Lugo), sendo suplente de este D<sup>a</sup> Elvira de Dios Pérez, Administrativa do Concello de Castroverde (Lugo).
- Vogal: D<sup>a</sup> Nuria Lagüela Felpeto, Traballadora social do Concello de Xermade, sendo suplente de este D<sup>a</sup>. Ángeles Corral de Basa, Traballadora social do Concello de Rábade (Lugo).

CUARTO. Convocar aos membros do tribunal para o día 14 de decembro de 2022 ás 10:30 horas, na Sala de Xuntas do Concello de Negueira de Muñiz, onde se realizará a valoración de méritos e a corrección das probas oportunas. No que atinxe á praza de Traballador social, cuxo proceso require a realización de diversos exercicios, os candidatos a dita praza deberán presentarse ás 10:45 no local cultural de Negueira (antigo Concello).

QUINTO. Publicar a relación definitiva de admitidos e excluídos, así como a composición do Tribunal de Selección e a data dos exames, na sede electrónica deste Concello ([www.concellodenegueira.es](http://www.concellodenegueira.es)), con expresa indicación do réxime de recursos, de conformidade co indicado nas bases de selección, a saber:

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo ante o órgano que ditou a resolución no prazo dun mes de conformidade cos artigos 123 e 124 LPAC, ou ben interpor directamente recurso Contencioso-Administrativo, ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo (artigo 8 Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa), no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei da xurisdición Contencioso-Administrativa.

SEXTO. Dar traslado da presente resolución ao Libro de Decretos da Corporación, así coma da conta do contido da mesma ao Pleno da Corporación na seguinte sesión ordinaria que se celebre, todo elo de conformidade co artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba ou



## Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O manda e asina en Negueira, na data da firma electrónica reflectida ao marxe, D. José Manuel Braña Pereda, Alcalde-presidente, do que eu, Carmen Gómez Otero, Secretaria-interventora, dou fe.

O Alcalde-presidente

José Manuel Braña Pereda

A Secretaria-interventora

Carmen Gómez Otero

DOCUMENTO FIRMADO ELECTRÓNICAMENTE



Cod. Validación: MZZRZC2TAPLP3GFYS5EAPZYF | Corrección: <https://negueirademuniz.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3